


BACHARELATO



Larsson, Stieg: Los hombres que no amaban a las mujeres. O protagonista da novela chámase Mikael, traballou durante moito tempo nunha revista de socioloxía e de economía. Ese é o seu único currículo como "investigador". Con todo, recibe un encargo sorprendente. Un home chamado Henrik Vanger pídelle que investigue unha desaparición que se remonta moi atrás no tempo. A da súa sobriña, que se cadra foi asasinada...

Fernández Paz, Agustín: O único que queda é o amor.

Hai unha trama de fíos invisibles que une as vidas dos personaxes deste libro: Diana, Sara, Pablo, Laura, Adrián... Todos namóranse e descubren que o amor é un sentimento poderosísimo. O amor en todas as súas variantes: desde o primeiro amor adolescente ata o que pervive máis aló da morte. E, sempre, os libros como compañeiros na aventura de amar de maneira total e facerles ver a vida doutra forma.



Aleixandre, Marilar: A Cabeza de Medusa.

Unha festa de disfraces acaba de madrugada nun camiño afastado onde Sofía e Lupe son violadas. Durante os días que seguen descubrirán que, como a Medusa, moitos non se atreven a miralas en fite. Son elas quen deben avergoñarse? É mellor non denunciar, non procurar complicacións?... Inspirada no mito de Medusa, castigada despois de ser violada a levar serpes por cabeleira, a obra aborda



IES A PONTEPEDRIÑA

R/ Amor Rubial, 28
15702 Santiago de Compostela
Telf.: 981531013
Fax.: 981593605
<http://centros.edu.xunta.es/iespontepedrina>

CONVIDAR A LER É CONVIDAR A SOÑAR

BOLETÍN DA BIBLIOTECA

ESPECIAL NADAL 2008



Agasalla libros polo Nadal



BACHARELATO



Meyer, Stephanie: Crepúsculo, Amanecer, Eclipse e Luna nueva

A expectación e o éxito seguen medrando... cuarta entrega desta magnífica saga vampírica: Amencer.

Non te perdas as anteriores na biblioteca.


Mankell, Henning: El Chino

Unha xeadá mañá de xaneiro de 2006, un fotógrafo fai un descubrimento aterrador: no pequeno pobo sueco de Hesjövallen aparecen brutalmente asasinadas dezanove persoas. A policía sospeita que é obra dun perturbado. Unha cinta de seda vermella atopada na neve ponlles na pista dun sospeitoso chegado de fóra, e dunha inquietante trama oculta que parece arrincar en Pekín.



Lloyd, Jones: El señor Pip.



O único home branco que aínda vive nunha remota illa dos mares do sur, enzarzada nunha guerra civil, convértese en improvisado mestre e logra transmitir ao seu alumnado o seu amor pola obra "Grandes esperanzas" de Dickens.



BACHARELATO

Alberto Méndez: Los girasoles ciegos.

O autor, preséntanos catro historias diferentes, ou derrotas, entrelazas entre si. Cada unha ten o seu encanto e a súa forma de facernos ver que nunha guerra todos acaban perdendo algo, ou mesmo todo.



Anna Gavalda: Xuntos e máis nada.

París exactamente ao pé da Torre Eiffel. Alí decore a historia que conta *Xuntos e máis nada*. A historia de catro persoas que pouco teñen en común, catro vidas perdidas que devalan no mundo da cidade, uns ningúnns. Catro sobreviventes que van aprender a compartir os medos, as esperanzas, a tenrura, a amizade, e tamén, os desencontros.

John Boyne: O neno do pixama a raías

Esta fábula para todos os públicos vén de converterse nun fenómeno editorial: traducíuse a máis de vinte idiomas, foi número un de vendas e estreouse hai pouco a súa adaptación ao cine. Inesquecible.



BACHARELATO

Gemma Lienas: O diario vermello de Carlota.

Un diario que recolle as primeiras experiencias persoais de Carlota. Todo o relativo ao sexo, un libro para rapazas e tamén para os rapaces.



Andreu Martín, Jaume Ribera: O diario vermello de Flanagan.

Animado pola súa amiga (noiva) Carlota, Flanagan comeza escribir un diario no que recolle as súas primeiras experiencias sexuais, dúbidas e preguntas sobre este tema.

Khaled Hosseini. Cometas en el cielo.

A vida en Kabul durante o inverno de 1975 desenvólvese con toda a intensidade, a puxanza e o colorido dunha cidade confiada no seu futuro e ignorante de que se achega un dos períodos máis tenebrosos que padeceron os milenarios pobos que a habitan. Cometas no ceo é a conmovedora historia de dous pais e dous fillos, da súa amizade e de como a casualidade pode converterse en fito inesperado do noso destino.

